

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*RESOLUCIÓN do 23 de setembro de 2015 pola que se conceden as axudas da Orde do 7 de maio de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do Sistema universitario de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2015.*

A Orde do 7 de maio de 2015 (DOG do 11 de maio) estableceu as bases e convocou, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do Sistema universitario de Galicia para 2015.

Finalizada a tramitación establecida na convocatoria, de acordo co establecido no artigo 9 da orde de convocatoria, e atendendo á proposta de resolución elevada polo órgano instructor a través da Secretaría Xeral de Universidades, esta consellería

#### RESOLVE:

Primeiro. Concederlles ás universidades do Sistema universitario de Galicia as axudas que a seguir se relacionan (con indicación da persoa coordinadora do grupo destinatario) para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas do Sistema universitario de Galicia para o ano 2015, en réxime de concorrencia competitiva e na contía que se indica en cada caso.

#### Modalidade de grupos de referencia competitiva:

Nº expediente	Nome	Apelidos	Univ.	2015	2016	2017	2018	Total
GRC2015/008	María Jesús	Aira Rodríguez	USC	48.500	80.000	80.000	70.000	278.500
GRC2015/014	Coral	Del Río Otero	UVIGO	48.000	50.000	50.000	50.000	198.000
GRC2015/003	Pablo	Díez Baños	USC	48.500	80.000	80.000	70.000	278.500
GRC2105/021	Patricia	Faraldo Cabana	UDC	48.000	50.000	50.000	50.000	198.000
GRC2015/006	Isabel	Fraga Carou	USC	48.000	50.000	50.000	50.000	198.000
GRC2015/020	Soledad	García Gil	UVIGO	48.500	80.000	80.000	70.000	278.500
GRC2015/018	Antonio	García Pino	UVIGO	49.000	125.000	125.000	100.000	399.000
GRC2015/002	Laura María	Lojo Rodríguez	USC	48.500	80.000	80.000	70.000	278.500
GRC2015/017	Ricardo Antonio	Mosquera Castro	UVIGO	48.000	50.000	50.000	50.000	198.000
GRC2015/004	Juan José	Nieto Roig	USC	48.000	50.000	50.000	50.000	198.000



Nº expediente	Nome	Apelidos	Univ.	2015	2016	2017	2018	Total
GRC2015/012	Manuel Joaquín	Reigosa Roger	UVIGO	48.500	80.000	80.000	70.000	278.500
GRC2015/011	Antonio	Rigueiro Rodríguez	USC	49.000	125.000	125.000	100.000	399.000
GRC2015/007	Ángel	Ruiz Pérez	USC	48.000	50.000	50.000	50.000	198.000
GRC2015/019	María	Vera Isasa	UVIGO	49.000	125.000	125.000	100.000	399.000
GRC2015/009	José	Vila Abad	USC	48.500	80.000	80.000	70.000	278.500
GRC2015/016	José Antonio	Vilán Vilán	UVIGO	49.000	125.000	125.000	100.000	399.000

**Modalidade de grupos con potencial de crecemento:**

Expediente	Nome	Apelidos	Univ.	2015	2016	2017	Total
GPC2015/025	Rodolfo	Barreiro Lozano	UDC	17.500	35.000	17.500	70.000
GPC2015/010	Andrés	Baselga Fraga	USC	17.500	35.000	17.500	70.000
GPC2015/027	José Manuel	Busto Lago	UDC	17.500	35.000	17.500	70.000
GPC2015/024	Aurora	Grandal d'Anglade	UDC	17.500	35.000	17.500	70.000
GPC2015/022	José Antonio	Lamas Castro	UVIGO	17.500	35.000	17.500	70.000
GPC2015/008	Jacobo	Limeres Posse	USC	17.500	35.000	17.500	70.000
GPC2015/011	Ramón	Máiz Suárez	USC	17.500	35.000	17.500	70.000
GPC2015/006	Xosé María	Masa Vázquez	USC	17.500	35.000	17.500	70.000
GPC2015/019	Humberto	Michinel Álvarez	UVIGO	17.500	35.000	17.500	70.000
GPC2015/007	Víctor	Mosquera Tallón	USC	17.500	35.000	17.500	70.000
GPC2015/004	Ignacio Miguel	Palacios Martínez	USC	17.500	35.000	17.500	70.000
GPC2015/014	Alberto	Pérez Muñuzuri	USC	17.500	35.000	17.500	70.000
GPC2015/028	José Ignacio	Pérez Pascual	UDC	17.500	35.000	17.500	70.000
GPC2015/034	Mª Isabel	Quiroga Berdeal	USC	17.500	35.000	17.500	70.000
GPC2015/009	Estrella	Romero Triñanes	USC	17.500	35.000	17.500	70.000
GPC2015/015	Enrique María	Valero Gutiérrez del Olmo	UVIGO	17.500	35.000	17.500	70.000
GPC2015/026	Antonio	Valle Arias	UDC	17.500	35.000	17.500	70.000
GPC2015/012	Jesús	Varela Mallou	USC	17.500	35.000	17.500	70.000

Segundo. As solicitudes non incluídas na resolución de concesión entenderanse denegadas ou desestimadas.

Terceiro. En todas as modalidades de axuda, a subvención será librada á universidade solicitante a que pertenza o grupo de investigación, conforme a resolución de concesión e de acordo coa normativa vixente.

As axudas para grupos de referencia competitiva terán como data de inicio o 1 de xaneiro de 2015 e como data límite de finalización o 30 de novembro de 2018, polo que se admitirán gastos e pagamentos dese período.



As axudas para grupos con potencial de crecemento terán, con carácter xeral, como data de inicio o 1 de xaneiro de 2015 e como data límite de finalización o 30 de novembro de 2017, polo que se admitirán gastos e pagamentos dese período.

Para poder proceder ao libramento dos fondos será preciso que a universidade beneficiaria expida, na data límite do 30 de novembro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate, a certificación expresiva da realización do gasto e do pagamento acompañada dunha memoria explicativa do logro dos obxectivos de consolidación e estruturación do grupo. Esta memoria explicativa irá asinada polo coordinador do grupo de investigación, unha certificación das variacións da composición do grupo durante a anualidade que xustifica e un informe de auditor inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, que se deberá manifestar sobre os conceptos, período de realización e pagamentos dos gastos presentados nesa anualidade.

Para poder facer o pagamento da subvención, de conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social será substituída por unha declaración responsable de cada universidade de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen se ter presentado perante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Para efectuar o último pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes ou sociedades.

Cuarto. O incumprimento por parte dos beneficiarios de calquera das bases establecidas na orde da convocatoria suporá a perda do dereito a percibir a axuda correspondente.



Quinto. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2015

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

